

Encontros Monográficos co Patrimonio Cultural 37

O novo concepto de patrimonio documental: memoria, valor e conservación

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
14 de xuño de 2022

Consello da Cultura Galega

Segundo a Lei de patrimonio cultural de Galicia e a Lei de patrimonio histórico español, os documentos forman parte dese patrimonio se os produce ou os reúne unha administración pública e, cando se trata de documentos de orixe privada, se teñen unha antigüidade determinada. Pero quizais esas definicións comezan a quedar limitadas porque necesitamos conservar datos e documentos intanxibles estruturados en bits ou dar resposta á demanda de introducir cambios para que os centros da memoria participen na conservación/xestión dunha memoria non discriminatoria en razón de sexo, raza ou orixe rural. É o momento de comezar a reflexionar se debemos introducir lecturas críticas no camiño dunha concepción máis axustada á realidade, que valore algo máis que a singularidade, a orixe pública ou a antigüidade, e que concrete, clarifique e estenda ese concepto indeterminado do "valor cultural" outorgado aos documentos que debemos ou non debemos conservar.

Pensar sobre como serán os arquivos que se deberán conservar, como se construirá o patrimonio documental ou como ese patrimonio se vinculará a outros é obrigado neste tempo de mudanzas no que a profesión está a debater cal é o obxecto e fin do seu traballo: tratar documentos electrónicos, datos, documentos que se crean en contornas que estiveron fóra dos arquivos convencionais: movementos feministas, documentos do íntimo, álbums, cartas persoais, testemuños orais...?

Cuestionar a formación da memoria, por que conservamos, para que e para quen, tamén sobre o que perderemos polo camiño deben ser eixes deste debate.

Para atopar respostas será substancial repensar o concepto de valor de cada un dos fins dos arquivos e o de patrimonio documental e tamén redefinir as tarefas das e dos arquivistas que deben ocuparse do futuro, nunha sociedade con coñecementos do seu pasado, dedicada ao presente e consciente do seu porvir.

Programa

16:15 horas
Presentación
Rosario Álvarez, presidenta do CCG
Rebeca Blanco-Rotea, coordinadora da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG
Olimpia López Rodríguez, membro da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG

16:30 horas
Relatorio 1
Necesitamos un novo modelo de patrimonio documental nun mundo dixital?
Luis Martínez García, coordinador xeral de Arquivos e director do Arquivo de Castela-A Mancha

17:10 horas
Relatorio 2
Arquivos e patrimonio documental: que e para quen?
María Dolores Pereira Oliveira, directora do Arquivo Histórico Provincial de Lugo e membro do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG

17:50 horas
Relatorio 3
Perspectivas para un legado documental en común
Fátima Rodríguez Coya, arquiveira do Goberno do Principado de Asturias

18:30 horas
Debate

Organiza
Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)
Consello da Cultura Galega

Coordina
Olimpia López Rodríguez

Lugar
Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Inscrición
A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado.
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información
www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en http://consellodacultura.gal

Organiza:

Consello da Cultura Galega